

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**20374** *Lei orgánica 3/2009, do 18 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### PREÁMBULO

##### I

O marco constitucional regulador do sistema de financiamento das comunidades autónomas contense nos artigos 156 e 157 da Constitución. O primeiro destes artigos institúe o principio de autonomía financeira das comunidades autónomas para o desenvolvemento e execución das súas competencias conforme os principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre todos os españois. Pola súa banda, o artigo 157 enumera os recursos das comunidades autónomas e remite a unha lei orgánica a regulación do exercicio destas competencias financeiras.

En aplicación do disposto neste artigo, este marco constitucional completouse coa aprobación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA, de agora en diante), e cos estatutos de autonomía, seis deles recentemente reformados.

Así se conformou o marco xurídico do sistema de financiamento das comunidades autónomas, e baixo o seu amparo desenvolvéronse os distintos modelos de financiamento que se viñeron sucedendo como consecuencia do desenvolvemento e consolidación do Estado das autonomías.

O pasado 15 de xullo, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, por proposta do Goberno de España, adoptou o Acordo 6/2009, para a reforma do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Esta lei orgánica ten por obxecto introducir no marco xurídico xeral do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía as novidades que incorpora o Acordo 6/2009, do 15 de xullo, do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas.

##### II

Co fin de completar o catálogo de principios que rexerán a actividade financeira das comunidades autónomas en coordinación coa Facenda do Estado, esta lei introduce no artigo segundo da LOFCA dous principios fundamentais derivados da reforma. Por unha banda, a garantía dun nivel base equivalente de financiamento dos servizos públicos fundamentais. De acordo con este principio, os recursos financeiros para a prestación dos servizos básicos do Estado do benestar deben servir para que estes poidan ser prestados en igualdade de condicións a todos os cidadáns, independentemente da comunidade autónoma en que residan. Doutra banda, a corresponsabilidade das comunidades autónomas e o Estado, en consonancia coas súas competencias en materia de ingresos e gastos.

Finalmente, concrétese a regulación e aplicación do principio de lealdade institucional, de maneira que se poida determinar quinquenalmente o impacto, positivo ou negativo, das actuacións legislativas do Estado e das comunidades autónomas no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira. A valoración resultante compensarase, de ser o caso, como modificación do sistema de financiamento para o seguinte quinquenio.

## III

A garantía dun nivel base equivalente de financiamento dos servizos públicos fundamentais instruméntase mediante a creación do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais. O dito fondo terá por obxecto garantir que as comunidades autónomas reciben os mesmos recursos por habitante, en termos de poboación axustada ou unidade de necesidade, cumprindo así o obxectivo establecido no artigo 158.1 da Constitución, de maneira que as asignacións previstas no dito artigo se instrumentan, de maneira reforzada, mediante este novo Fondo de Garantía dos Servizos Públicos Fundamentais.

Tamén resulta destacable a modificación que se introduce no artigo décimo quinto co fin de ampliar os servizos que van ter a consideración de servizos públicos fundamentais, engadindo aos xa recollidos de educación e sanidade os servizos sociais esenciais.

A introdución do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais fai que resulte necesario, igualmente, modificar o artigo décimo terceiro da LOFCA, o que afecta tanto a denominación como a determinación do Fondo de Suficiencia. Polo que se refire á súa determinación, este fondo ten por obxecto cubrir a diferenza entre as necesidades de gasto e a suma da capacidade tributaria de cada comunidade autónoma e as transferencias recibidas do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais. Polo que se refire á súa denominación, o fondo pasa a denominarse Fondo de Suficiencia Global, xa que busca asegurar a suficiencia en financiamento da totalidade das competencias.

Tamén se modifica o artigo cuarto da LOFCA, coa finalidade de recoller dentro do catálogo de recursos das comunidades autónomas a participación no novo Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, ao tempo que se completa a referencia á participación nos ingresos do Estado, recollendo unha remisión á lei ordinaria como vehículo para concretar a forma en que a dita participación se instrumentará.

## IV

O Acordo adoptado polo Consello de Política Fiscal e Financeira, do 23 de setembro de 1996, supuxo a adopción por parte das comunidades autónomas dun importante nivel de corresponsabilidade fiscal, ampliando as posibilidades de cesión de tributos a unha parte do imposto sobre a renda das persoas físicas e atribuíndo ás comunidades autónomas algunhas competencias normativas sobre os tributos cedidos. Estas modificacións foron incorporadas á LOFCA mediante a Lei orgánica 3/1996.

Posteriormente, o Acordo adoptado por este mesmo órgano o 27 de xullo de 2001 abundou no principio de corresponsabilidade fiscal, ampliando a posibilidade de cesión a novas figuras impositivas (imposto sobre o valor engadido, impostos especiais de fabricación, imposto sobre a electricidade, imposto sobre determinados medios de transporte e imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos) e atribuíndo novas competencias normativas, o que deu lugar a unha nova modificación da LOFCA pola Lei orgánica 7/2001.

O Acordo 6/2009, do 15 de xullo, do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, recolle importantes avances na liña de seguir potenciando a corresponsabilidade e autonomía das comunidades autónomas, de aumentar o peso dos recursos tributarios sobre o total do seu financiamento, de ampliar as competencias normativas, a capacidade legal para modificar o nivel ou a distribución dos recursos tributarios e a participación e colaboración nos labores de xestión tributaria.

A modificación introducida no artigo décimo primeiro da LOFCA ten por obxecto elevar do 33% ao 50% a cesión ás comunidades autónomas no imposto sobre a renda das persoas físicas. Tamén se eleva desde o 35% ata o 50% a cesión correspondente ao imposto sobre o valor engadido. Polo que se refire aos impostos especiais de fabricación, sobre cervexa, viño e bebidas fermentadas, produtos intermedios, alcohol e bebidas derivadas, elaborados do tabaco e hidrocarburos, a porcentaxe de cesión pasa do 40% ao 58%.

Xunto coa elevación das porcentaxes de cesión, prevese igualmente o incremento das competencias normativas das comunidades autónomas no imposto sobre a renda das persoas físicas, ata agora limitadas á determinación da tarifa e das deducións, ampliándoas

á fixación da contía do mínimo persoal e familiar e modificando para iso o artigo décimo noveno da LOFCA.

Tamén en materia de revisión económico-administrativa se produce unha ampliación de competencias, que se recolle no artigo vixésimo da LOFCA, ao posibilitar que as competencias para o exercicio da función revisora en vía administrativa dos actos de xestión ditados polas administracións tributarias das comunidades autónomas en relación cos tributos estatais sexan asumidas polas comunidades autónomas, sen prexuízo da colaboración que poidan establecer coa Administración tributaria do Estado.

V

Esta lei pretende clarificar tamén os límites para a creación de tributos propios polas comunidades autónomas. Para iso, e co fin de reducir a conflictividade, modifícase o artigo sexto da LOFCA para que as regras de incompatibilidade se refiran ao «feito impositivo» e non á «materia impositiva», co cal habería un espazo fiscal autonómico máis claro en relación cos tributos locais, cunha delimitación similar á que existe en relación cos tributos estatais.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas:

Un. Dáselle nova redacción ao punto un do artigo segundo da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Un. A actividade financeira das comunidades autónomas exercerase en coordinación coa Facenda do Estado, conforme os seguintes principios:

a) O sistema de ingresos das comunidades autónomas, regulado nas normas básicas a que se refire o artigo anterior, deberase establecer de forma que non poida implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais nin supor a existencia de barreiras fiscais no territorio español, de conformidade co punto 2 do artigo 157 da Constitución.

b) A garantía do equilibrio económico, a través da política económica xeral, de acordo co establecido nos artigos 40.1, 131 e 138 da Constitución, correspóndelle ao Estado, que é o encargado de adoptar as medidas oportunas tendentes a conseguir a estabilidade económica interna e externa e a estabilidade orzamentaria, así como o desenvolvemento harmónico entre as diversas partes do territorio español. Para estes efectos, entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición establecida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, nos termos recollidos na normativa de estabilidade orzamentaria.

c) A garantía dun nivel base equivalente de financiamento dos servizos públicos fundamentais, independentemente da comunidade autónoma de residencia.

d) A corresponsabilidade das comunidades autónomas e do Estado en consonancia coas súas competencias en materia de ingresos e gastos públicos.

e) A solidariedade entre as diversas nacionalidades e rexións que consagran o artigo segundo e os puntos un e dous do cento trinta e oito da Constitución.

f) A suficiencia de recursos para o exercicio das competencias propias das comunidades autónomas.

g) A lealdade institucional, que determinará o impacto, positivo ou negativo, que poidan supor as actuacións lexislativas do Estado e das comunidades autónomas en materia tributaria, ou a adopción de medidas que eventualmente poidan facer recaer sobre as comunidades autónomas ou sobre o Estado obrigacións de gasto

non previstas na data de aprobación do sistema de financiamento vixente, e que deberán ser obxecto de valoración quinquenal en canto ao seu impacto, tanto en materia de ingresos coma de gastos, polo Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e, de ser o caso, compensación, mediante modificación do sistema de financiamento para o seguinte quinquenio.»

Dous. Dáselle nova redacción ao punto un do artigo cuarto da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Un. De conformidade co punto 1 do artigo 157 da Constitución, e sen prexuízo do establecido no resto do articulado, os recursos das comunidades autónomas estarán constituídos:

- a) Polos ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.
- b) Polos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais.
- c) Polos tributos cedidos, total ou parcialmente, polo Estado.
- d) Pola participación no Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais.
- e) Polas recargas que se puideren establecer sobre os tributos do Estado.
- f) Polas participacións nos ingresos do Estado a través dos fondos e mecanismos que establezan as leis.
- g) Polo produto das operacións de crédito.
- h) Polo produto das multas e sancións no ámbito da súa competencia.
- i) Polos seus propios prezos públicos.»

Tres. Dáselle nova redacción ao artigo sexto da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo sexto.

Un. As comunidades autónomas poderán establecer e exixir os seus propios tributos de acordo coa Constitución e coas leis.

Dous. Os tributos que establezan as comunidades autónomas non poderán recaer sobre feitos impositivos gravados polo Estado. Cando o Estado, no exercicio da súa potestade tributaria orixinaria, estableza tributos sobre feitos impositivos gravados polas comunidades autónomas que lles supoñan a estas unha diminución de ingresos, instrumentará as medidas de compensación ou coordinación adecuadas en favor delas.

Tres. Os tributos que establezan as comunidades autónomas non poderán recaer sobre feitos impositivos gravados polos tributos locais. As comunidades autónomas poderán establecer e xestionar tributos sobre as materias que a lexislación de réxime local reserve ás corporacións locais. En todo caso, deberanse establecer as medidas de compensación ou coordinación adecuadas a favor daquelas corporacións, de modo que os ingresos de tales corporacións locais non se vexan minguados nin reducidos tampouco nas súas posibilidades de crecemento futuro.»

Catro. Dáselle nova redacción ao artigo décimo primeiro da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo décimo primeiro.

Só poden ser cedidos ás comunidades autónomas, nas condicións que establece esta lei, os seguintes tributos:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial co límite máximo do 50 por cento.

- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- d) Imposto sobre sucesións e doazóns.
- e) Imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial co límite máximo do 50 por cento.
- f) Os impostos especiais de fabricación, con excepción do imposto sobre a electricidade, con carácter parcial co límite máximo do 58 por cento de cada un deles.
- g) O imposto sobre a electricidade.
- h) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- i) Os tributos sobre o xogo.
- j) O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.»

Cinco. Dáselle nova redacción ao artigo décimo terceiro da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo décimo terceiro.

Un. As comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía participarán, a través do seu Fondo de Suficiencia Global, nos ingresos do Estado.

Dous. O Fondo de Suficiencia Global cubrirá a diferenza entre as necesidades de gasto de cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía e a suma da súa capacidade tributaria e a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais.

Tres. O valor inicial do Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía determinarase en comisión mixta. O dito valor será obxecto de regularización e evolucionará de acordo co previsto na lei.

Catro. O valor do Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía unicamente poderá ser obxecto de revisión nos seguintes supostos:

- a) Cando se produza o traspaso de novos servizos ou se amplíen ou revisen valoracións de traspasos anteriores.
- b) Cando cobre efectividade a cesión de novos tributos.
- c) Cando se dean outras circunstancias establecidas na lei.

Cinco. As comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía poderán ser titulares doutras formas de participación nos ingresos do Estado, a través dos fondos e mecanismos establecidos nas leis.»

Seis. Dáselle nova redacción ao artigo décimo quinto da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo décimo quinto.

Un. O Estado garantirá en todo o territorio español o nivel mínimo dos servizos públicos fundamentais da súa competencia.

Para os efectos deste artigo consideraranse servizos públicos fundamentais a educación, a sanidade e os servizos sociais esenciais.

Considerarase que non se chega a cubrir o nivel de prestación dos servizos públicos a que fai referencia este punto cando a súa cobertura se desvíe do seu nivel medio no territorio nacional.

Dous. En cumprimento do artigo 158.1 da Constitución, e dando satisfacción ao disposto no punto anterior, o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais terá por obxecto garantir que cada comunidade recibe, nos termos fixados pola lei, os mesmos recursos por habitante, axustados en función das súas necesidades diferenciais, para financiar os servizos públicos fundamentais,

garantindo a cobertura do nivel mínimo dos servizos fundamentais en todo o territorio. Participarán na súa constitución as comunidades autónomas cunha porcentaxe dos seus tributos cedidos, en termos normativos, e o Estado coa súa achega, nas porcentaxes e contías que marque a lei.»

Sete. Dáselle nova redacción ao artigo décimo sétimo da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo décimo sétimo.

As comunidades autónomas regularán a través dos seus órganos competentes, de acordo cos seus estatutos, as seguintes materias:

- a) A elaboración, exame, aprobación e control dos seus orzamentos.
- b) O establecemento e a modificación dos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais, así como dos seus elementos directamente determinantes da contía da débeda tributaria.
- c) O exercicio das competencias normativas establecidas pola Lei reguladora da cesión de tributos.
- d) O establecemento e a modificación das recargas sobre os tributos do Estado.
- e) As operacións de crédito concertadas pola comunidade autónoma, sen prexuízo do establecido no artigo décimo cuarto desta lei.
- f) O réxime xurídico do patrimonio das comunidades autónomas no marco da lexislación básica do Estado.
- g) Os regulamentos xerais dos seus propios tributos.
- h) As demais funcións ou competencias que lles atribúan as leis.»

Oito. Dáselle nova redacción ao artigo décimo noveno da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo décimo noveno.

Un. A aplicación dos tributos e a potestade sancionadora respecto dos seus propios tributos corresponderá á comunidade autónoma, a cal disporá de plenas atribucións para a execución e organización das ditas tarefas, sen prexuízo da colaboración que se poida establecer coa Administración tributaria do Estado, especialmente cando así o exixa a natureza do tributo.

Dous. En caso de tributos cedidos, cada comunidade autónoma poderá asumir, nos termos que estableza a lei que regule a cesión de tributos, as seguintes competencias normativas:

- a) No imposto sobre a renda das persoas físicas, a fixación da contía do mínimo persoal e familiar e a regulación da tarifa e deducións da cota.
- b) No imposto sobre o patrimonio, a determinación de mínimo exento e a tarifa, deducións e bonificacións.
- c) No imposto sobre sucesións e doazóns, as reducións da base imponible, a tarifa, a fixación da contía e os coeficientes do patrimonio preexistente, as deducións, as bonificacións, así como a regulación da xestión.
- d) No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na modalidade «Transmisións patrimoniais onerosas», a regulación do tipo de gravame en arrendamentos, nas concesións administrativas, na transmisión de bens mobles e inmobles e na constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre eles, excepto os dereitos reais de garantía; e na modalidade «Actos xurídicos documentados», o tipo de gravame dos documentos notariais. Así mesmo, poderán regular deducións da cota, bonificacións, así como a regulación da xestión do tributo.



e) Nos tributos sobre o xogo, a determinación de exencións, base impositiva, tipos de gravame, cotas fixas, bonificacións e devengo, así como a regulación da aplicación dos tributos.

f) No imposto especial sobre determinados medios de transporte, a regulación dos tipos impositivos.

g) No imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos, a regulación dos tipos de gravame, así como a regulación de aplicación dos tributos.

No exercicio das competencias normativas a que se refire o parágrafo anterior, as comunidades autónomas observarán o principio de solidariedade entre todos os españois, conforme o establecido respecto diso na Constitución; non adoptarán medidas que discriminen por razón do lugar onde se encontren os bens, de procedencia das rendas, de realización do gasto, da prestación dos servizos ou de realización dos negocios, actos ou feitos; e manterán unha presión fiscal efectiva global equivalente á do resto do territorio nacional.

Así mesmo, en caso de tributos cedidos, cada comunidade autónoma poderá asumir por delegación do Estado a aplicación dos tributos, a potestade sancionadora e, de ser o caso, a revisión daqueles, sen prexuízo da colaboración que se poida establecer entre ambas as administracións, todo iso de acordo co especificado na lei que fixe o alcance e as condicións da cesión.

O previsto no parágrafo anterior non será de aplicación no imposto sobre a renda das persoas físicas, no imposto sobre o valor engadido nin nos impostos especiais de fabricación. A aplicación dos tributos, a potestade sancionadora e a revisión destes impostos terá lugar segundo o establecido no punto seguinte.

As competencias que se lles atribúan ás comunidades autónomas en relación cos tributos cedidos pasarán a ser exercidas polo Estado cando resulte necesario para dar cumprimento á normativa sobre harmonización fiscal da Unión Europea.

Tres. A aplicación dos tributos, potestade sancionadora e revisión, de ser o caso, dos demais tributos do Estado recadados en cada comunidade autónoma corresponderalle á Administración tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que aquela poida recibir desta e da colaboración que se poida establecer, especialmente cando así o exixa a natureza do tributo.»

Nove. Dáselle nova redacción ao artigo vixésimo da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo vixésimo.

Un. O coñecemento das reclamacións interpostas contra os actos ditados polas comunidades autónomas e polas cidades con estatuto de autonomía en relación cos seus tributos propios corresponderalles aos seus propios órganos económico-administrativos.

Dous. Cando así se estableza na correspondente lei do Estado, e en relación cos tributos estatais, a competencia para o exercicio da función revisora en vía administrativa dos actos ditados polas comunidades autónomas e polas cidades con estatuto de autonomía poderalles corresponder a estas, sen prexuízo da colaboración que se poida establecer coa Administración tributaria do Estado.

Tres. A dita competencia poderase efectuar nos termos establecidos pola lei na cal se fixen o alcance e as condicións da cesión de tributos por parte do Estado.

Sen prexuízo do exercicio desta competencia, entre o Estado e as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía poderanse establecer fórmulas de colaboración específica de cara ao exercicio da citada función revisora, cando a natureza do tributo así o aconselle, para o cal se acordarán os mecanismos de cooperación que sexan precisos para o seu adecuado exercicio.

Catro. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo das competencias atribuídas en exclusiva ao Estado no artigo 149.1. 1.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup>

da Constitución española en relación co establecemento dos principios e normas xurídicas xerais, substantivas e de procedemento, do sistema tributario español, contidas nas disposicións tributarias de Estado e, especificamente, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento, aplicables a e por todas as administracións tributarias.

Cinco. A función unificadora de criterio nos tributos estatais correspóndelle á Administración tributaria do Estado, que a exercerá conforme o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Dez. Dáselle nova redacción á disposición adicional cuarta da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta.

A actividade financeira e tributaria do arquipélago canario regularase tendo en conta o seu peculiar réxime económico-fiscal.

A Comunidade Autónoma de Canarias, como consecuencia do peculiar réxime económico e fiscal neste territorio, é titular dos rendementos derivados deste réxime, nos termos establecidos na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias; na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias e demais lexislación actualmente en vigor.»

Once. Engádeselle unha disposición adicional sexta á Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta.

Atribúeselles aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma de Canarias a competencia para coñecer das reclamacións económico-administrativas que se susciten en materia de aplicación dos tributos e potestade sancionadora respecto do imposto xeral indirecto canario e do arbitrio sobre importación e entrada de mercadorías nas illas Canarias, integrantes do réxime económico e fiscal de Canarias.»

#### **Disposición transitoria.** *Autorizacións de operacións de crédito.*

1. Subsistirá a vixencia dos acordos adoptados polo Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento das comunidades autónomas, mentres as súas regras non sexan modificadas ou substituídas por novos acordos, de conformidade co establecido no punto catro do artigo décimo cuarto da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

2. Excepcionalmente e exclusivamente para o período 2009 e 2010, se como consecuencia de circunstancias económicas extraordinarias resultar necesario para garantir a cobertura dos servizos públicos fundamentais, poderanse concertar operacións de crédito por prazo superior a un ano e non superior a cinco, sen que resulte de aplicación a restrición prevista no punto dous a) do artigo décimo cuarto da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, o que se terá en conta nas autorizacións do Estado.

No prazo de cinco anos a comunidade autónoma deberá amortizar estas operacións, e esta circunstancia poderase ter en conta na fixación do obxectivo de estabilidade.

#### **Disposición derogatoria.**

Desde a entrada en vigor desta lei queda derogada a disposición adicional segunda da Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.



**Disposición derradeira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2009.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 18 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ